



Concello do Grove

BANDO DA ALCALDÍA

D. José Antonio Cacabelos Rico, como Alcalde do Ilmo. Concello do Grove, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación vixente, a todos os veciños do termo municipal,

FAI SABER:

Que todos os establecementos que desexen instalar terrazas no exterior dos locais, tanto na vía pública como en terreo privado, están suxeitos a autorización municipal.

Os titulares dos establecementos poderán obter o modelo de solicitude para a mencionada autorización nas dependencias municipais ou na páxina web do concello, debéndoa presentar no Rexistro Xeral.

A presentación da devandita solicitude deberá efectuarse para este exercicio 2018 entre os días 1 a 20 de xuño dos correntes.

O incumprimento da obriga contida na presente disposición, poderá dar lugar á apertura de expediente sancionador por instalación de terraza sen a preceptiva licenza municipal, con independencia do levantamento e clausura da instalación.

O Grove a 30 de maio de 2018

Documento asinado dixitalmente á marxe.

JOSE A. CACABELOS RICO (1 para 1)

ALCALDE

Data de Sinatura: 30/05/2018

HASH: 26ec291bb9b9d134d4ba304896fce840





SOLICITUDE PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS

SOLICITANTE

Apelidos	Nome	DNI/NIF/NIE/Tarxeta residencia
Enderezo	Localidade	Correo electrónico
Establecemento	Código Postal	Teléfono / Móbil

REPRESENTANTE (se é o caso)

Apelidos	Nome	DNI/NIF/NIE/Tarxeta residencia
Enderezo	Localidade	Correo electrónico
Establecemento	Código Postal	Teléfono / Móbil

EXPOÑO:

1. Que desexo instalar unha terraza anexa ao establecemento de hostalaría que rexento.
2. Que achego a declaración sobre a licenza de actividade do local á que se refire o apartado anterior.
3. Que solicitei a licenza de actividade, pero aínda non está resolta. Declaro por ese motivo que a data en que solicitei a licenza de actividade foi..... Achego unha copia desa solicitude.
4. Que a extensión en metros cadrados da terraza pretendida é de
5. Que o número de unidades de mobiliario e demais elementos para instalar é de
6. Que os días para os que solicito esta autorización son os seguintes (marcados nun calendario do ano en curso):
7. Que achego unha fotografía da fachada do local e do espazo exterior, onde se instalaría a terraza.
8. Que achego un plano acoutado da superficie para ocupar pola terraza a escala 1:100. Especificará os elementos da terraza, o espazo libre para o paso, o ancho da beirarrúa, as franxas de itinerario peonil, as distancias ás fachadas e bordos, arquetas e outras acometidas ou mobiliario urbano.
9. Que achego fotografías dos elementos que se instalarán.
10. Que achego o proxecto da publicidade que irá gravada no mobiliario da terraza.
11. Que achego o xustificante de pagamento do recibo por instalación de terraza do ano anterior, se contei con esta instalación.
12. Que achego o xustificante da póliza de seguro de responsabilidade civil relativa aos riscos que se deriven do funcionamento da terraza.

Por todo iso, SOLICITO:

Que se teña en conta o exposto para a autorización dunha terraza no meu establecemento.

Data	Sinatura do/a solicitante ou representante
O Grove, de de 20	

SR./A. ALCALDE/SA DO ILMO. CONCELLO DO GROVE

- (1) Deberá achegar unha fotocopia do documento de identidade de quen solicita/n.
- (2) No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do/a representante e do/a solicitante, coa autorización escrita deste/a ou unha copia do poder para representalo/a. Se quen solicita é unha sociedade, débese achegar a súa escritura de constitución.

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.